


Plan de Acción da Axenda Urbana do Eixo Atlántico





Biblioteca dos Estudos Estratégicos



Plan de Acción da Axenda Urbana do Eixo Atlántico



Colección: Biblioteca de Estudos Estratégicos
Editor: *Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular*

EDICIÓN: *Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular*

MAQUETACIÓN: *María Alcañiz Lorenzo*

IMPRESA: .

ISBN impreta: 978-989-54410-3-7

ISBN dixital: 978-989-54410-4-4


Depósito legal: VG 203-2019

Ano de publicación: 2019

DESCARGO DE RESPONSABILIDAD


El proyecto EPICAH está cofinanciado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional, en el marco del programa INTERREG EUROPE. Los contenidos de esta publicación no reflejan la opinión oficial de la Comisión Europea y de la Autoridad de Gestión del programa INTERREG EUROPE.

El contenido de este documento es responsabilidad de los autores y todas las opiniones presentadas no representan, necesariamente, la postura oficial del programa INTERREG EUROPE.





ÍNDICE

• INTRODUCCIÓN.....	7
• PRIORIDADE ESTRATÉXICA I: CONSTRUIR A CIDADE DO FUTURO.....	13
• PRIORIDADE ESTRATÉXICA II: DESENVOLVER A ECONOMÍA E PROMOVER O EMPREGO. A EURORREXIÓN DO COÑECEMENTO.....	25
• PRIORIDADE ESTRATÉXICA III: IMPULSAR A COHESIÓN TERRITORIAL E RESPONDER AO RETO DEMOGRÁFICO.....	33
• PRIORIDADE ESTRATÉXICA IV: AFIRMAR O ESPAZO EURORREXIONAL.....	41



INTRODUCCIÓN





O plan de acción concíbese como un marco de referencia dotado de instrumentos válidos para conseguir os obxectivos acordados. Aspira a ser indicativo para as autoridades públicas e a sociedade civil, despois de ser aprobada a Axenda Urbana pola Asemblea Xeral do Eixo Atlántico, sen ser imperativo en ningún caso. Isto só será posible coa implicación activa de todos os actores na súa elaboración, na súa xestión e no seu seguimento.

O seu horizonte espacial vai ser o conxunto da Eurorexión e, moi especialmente, o seu sistema urbano. Pretende ser un instrumento orientador para a aplicación de políticas públicas, nunca un recetario homoxéneo e uniformador.

Baixo os principios da subsidiariedade e da autonomía local farase realidade a través de cooperación reforzada nas que participen as cidades que así o decidan libremente. Nuns casos serán todas, noutros un grupo de delas e mesmo pode que haxa actividades desenvolvidas por cidades de xeito independente. Así, os resultados previstos para cada prioridade poderán ser xerais para todo o territorio, parciais para un determinado agrupamento de cidades ou mesmo individuais para un só municipio.

O plan de acción artículase en torno a catro prioridades estratéxicas para desenvolver os cinco eixos da Axenda Urbana. A partir delas, o plan concretarase nun determinado número de liñas de intervención que, a súa vez, alcanzarán os seus resultados a través dunha serie de obxectivos específicos coherentes que se iran testando mediante un número reducido de proxectos/accións piloto. O plan ten vocación dinámica e evolutiva para ir comprobando o nivel de implementación e adecuación das medidas e programas propostos e o avance aos diferentes niveis de desenvolvemento dos mesmos. Consecuentemente, cada ano o Eixo, a través dunha Comisión de Seguimento, fará unha análise e avaliación profunda de seguimento de cada proxecto e adoptará as medidas para adaptar o plan de acción as necesidades.

1. PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

Como se recollía nos principios inspiradores e nas marcas transversais da Axenda Urbana, a esencia da mesma é a interrelación entre todos os seus eixos como mecanismo que permita optimizar os resultados e alcanzar os obxectivos previstos. En consecuencia, vaise evitar que as prioridades e liñas de intervención actúen como compartimentos estanco sen comunicación entre si.

Por iso, o plan de acción vaise estruturar en torno a **catro prioridades estratéxicas** que abarcan ámbitos sectoriais multieixo.

- Construír a cidade do futuro.
- Desenvolver a economía e promover o emprego. A Eurorexión do coñecemento e da innovación.

- Impulsar a cohesión territorial e responder ao reto demográfico.
- Afirmar o espazo eurorrexional.

2. LIÑAS DE INTERVENCIÓN DE CADA PRIORIDADE ESTRATÉXICA

Definirase un número determinado de liñas de intervención para dar resposta ao enfoque anterior. Estas liñas beberán das contempladas na Axenda Urbana coa necesaria adaptación.

Non obstante, aquí cómpre deixar unha marxe para as achegas que poidan ir chegando dos diferentes actores involucrados no proceso. A modo de exemplo, a prioridade **Impulsar a cohesión territorial e responder ao reto demográfico** podería ter as seguintes liñas de intervención, a partir da axenda urbana aprobada:

- Políticas demográficas activas e de inclusión social.
- Economía azul e economía verde: el desarrollo urbano/rural y litoral/interior.
- Cohesión territorial e mobilidade.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE CADA LIÑA DE INTERVENCIÓN

Tomando como referencia o proceso que culminou coa elaboración da Axenda Urbana, a definición dos obxectivos específicos de cada liña de intervención para alcanzar as catro prioridades será o traballo colectivo do equipo redactor e dos diferentes actores que van participar no proceso, con especial protagonismo dos cargos electos urbanos que deben exercer o liderado habilitador.


A modo de exemplo, a liña de intervención **Políticas demográficas activas e de inclusión social** podería ter os seguintes obxectivos específicos, a partir da axenda urbana aprobada:

- Encontrar respostas ao desafío demográfico através de políticas innovadoras de medio e largo prazo, e de políticas de integración da inmigración.
- Promover o envellecemento activo e a inclusión social dos sectores vulnerables.

Os obxectivos específicos están relacionados, sempre que possível, con os **obxectivos de desenvolvemento sustentábel** (ODS) inscritos na **Agenda 2030 para o desenvolvemento sustentábel** das Nacións Unidas (A/RES/70/1).

4. MEDIDAS E PROGRAMAS DE CADA OBXECTIVO ESPECÍFICO

Cada obxectivo específico terá un último nivel de concreción en medidas e programas elaborados polo equipo redactor recollendo as achegas dos diferentes actores involucrados no proceso, a partir dun borrador presentado a debate e consulta.



Estarán introducidas por un sustantivo cando a súa execución sexa competencia plena das administracións locais. Estarán introducidas por un verbo cando sexan unha proposta das administracións locais que deberán implementar outras administracións. Así mesmo, as medidas e programas estarán xerarquizadas en tres niveis, segundo grao potencial de implementación:

- Medidas e programas emerxentes: formuladas no plan de acción pero sen cidades dispostas a implementalas nese momento.
- Medidas e programas intermedios: xa contarán con cidades dispostas a implementalas e un punto de situación desa acción nas cidades que a van por en marcha.
- Medidas e programas maduros: terán definidos todos os parámetros para a súa implantación definitiva, procedéndose a mesma.
- Cada ano deberase proceder a un seguimento da evolución das medidas e programas e decidir o seu paso ao seguinte nivel de desenvolvemento.

Proponse que cada medida e programa teña unha ficha que conteña os seguintes elementos de información:


- Unha breve descrición do seu obxecto.
- Actores implicados: aparecerán os actores que necesariamente se terán que implicar nela para garantir o seu éxito. Entre eles: administracións rexionais ou nacionais; sociedade civil (entendendo por tal os axentes sociais empresariais e sindicais, o asociacionismo, os colexios profesionais, as ONG, as fundacións...); universidade e centros de investigación; as institucións da UE; o Eixo; outros cando sexan necesarios.
- Os indicadores de realización que permitirán avaliar o seu grao de efectividade.
- O financiamento que aparecerá cun carácter orientativo e indicativo.
- O municipio coordinador: estará en branco ata que se acorde que cidade vai xogar ese papel na medida e programa concretos de que se trata.
- O/os municipio/s asociado/s: estará en branco ata que se acorde que cidade/s vai/van xogar ese papel na medida e programa concretos de que se trata.
- O punto de situación: estará en branco para que cada cidade poida escribir nela o seu nome, decidir que papel quere xogar (municipio coordinador ou asociado), informar do estado de desenvolvemento que esa medida ou programa xa ten nela, etc...
- O coste estimado da medida ou programa: estará en branco ata que pase ao nivel de medida ou programa maduros.

Nesta fase de elaboración do plan de acción, as medidas e programas aparecerán sen a ficha particular que se incorporarán como anexo na versión definitiva do plan.


5. ACCIÓNS PILOTO


Unha das orixinalidades de máis valor da Axenda Urbana do Eixo Atlántico reside na posta en marcha dunha serie de accións piloto, extraídas de obxectivos específicos acordados no plan de acción, que van permitir ir testando as medidas e programas propostos ao mesmo tempo que se están incorporando nel. Ademais, servirán para testar a viabilidade e idoneidade da metodoloxía de traballo do Plan de Acción, así como a efectividade da súa monitorización e a flexibilidade para a súa adaptación.

Conforme a esta previsión desenvolveríanse, en principio, cinco accións piloto, monitorizados polo Eixo Atlántico como garante da transferencia dos resultados ao conxunto do sistema urbano. Haberá unha cidade responsable de cada proxecto piloto e unha ou varias cidades asociados. O número de membros que participen en cada unha destas accións piloto dependerá das cidades que voluntariamente decidan inscribirse nun ou mais grupos de traballo.



PRIORIDADE ESTRATÉGICA I:
CONSTRUÍR A CIDADE DO FUTURO





Comezar a construír esa cidade pasa por pensar un modelo de cidade integral e transversal. Un modelo particular de cada cidade pero que debe compartir uns principios comúns ao resto de membros do sistema urbano do Eixo Atlántico. Un modelo encarnado no seu xeito de entender a cultura, de fomentar a cohesión e a convivencia social, de articular a integración, de afrontar a accesibilidade global, de concibir o deseño urbano, de concertar as políticas de desenvolvemento sostible cun enfoque ecolóxico, de organizar a mobilidade interior. Tamén pasa por mellorar a xestión da administración pública facéndoa máis eficaz e máis eficiente. Pasa por implantar un sistema de gobernanza que cambie as relacións entre as autoridades e a cidadanía para que está se sinta corresponsable das políticas públicas que deben ser lideradas polos cargos electos. Pasa por dispor de servizos dinámicos e flexibles que dean resposta as necesidades e as demandas da cidadanía sen hipotecar financeiramente o seu futuro.

LENDAS

- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias da administración local.
- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias compartidas con outras áreas da administración pública ou que non forman parte das competencias da administración local.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



1. FIN DA POBREZA



2. FAME CERO



3. SAÚDE E BENESTAR



4. EDUCACIÓN DE CALIDADE



5. IGUALDADE DE XÉNERO



6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO



7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE



8. TRABALLO DECENTE E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO



9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA



10. REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES



11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES



12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES



13. ACCIÓN POLO CLIMA



14. VIDA SUBMARIÑA



15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES



16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS





17. ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS



1

DESEÑO URBANO INTELIXENTE, ECOLÓXICO E INCLUSIVO


1.1 Construción de cidades intelixentes: creativas, emprendedoras, conscientes de valores colectivos, organizadas, participativas, competitivas e tecnolóxicamente evolucionadas.

- 1.1.1 Promover a definición dunha estratexia de especialización intelixente nos concellos da Eurorrexión, coherente coas existentes.
- 1.1.2 Lanzar o programa de formación e información sobre **Smart Cities**, dirixido aos técnicos municipais, sobre os diferentes ámbitos da cidade intelixente. 
- 1.1.3 Concepción e implantación de **modelos intelixentes de monitorización e xestión integrada dos subsistemas urbanos**, a través de salas municipais de control, que permitan gañar en equidade, eficiencia e fiabilidade. Preparar orientacións técnicas comúns para a adaptación de edificios públicos á Smart Building, con orientacións indicativas para o sector privado. 

1.2 Aposta por un modelo de cidades ecolóxicas, que melloren a saúde e o benestar da cidadanía, con modelos de mobilidade de baixos niveis de emisión de gases de efecto invernadoiro, reducindo o ruído e o volume do tráfico rodado e a artificialización do solo mediante a naturalización do ambiente urbano para asegurar un ciclo hidrolóxico máis eficaz, estimulando a creación de microclimas con mellor calidade da auga, do aire e do ambiente en xeral, combatindo a emerxencia de illas de calor urbano.

- 1.2.1 Definición dunha **estratexia urbana de adaptación ao cambio climático** a nivel eurorrexional.
- 1.2.2 Introducción de medidas correctoras da excesiva edificabilidade dispersa e da expansión dos perímetros urbanos que faciliten unha maior compacidade habitacional nas modificacións e novas redaccións dos plans xerais de ordenación urbana municipal, ao mesmo tempo que se estimulan plans de axuda á rehabilitación de cascos históricos e zonas urbanas con edificación dos anos 1930- 1970, na perspectiva dunha valorización integrada do territorio. Inclusión de medidas preventivas de incendios e de autoprotección na Interface Urbano-Forestal. 
- 1.2.3 Aprobación e/ou mellora dun **Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS)** participado, dinámico e transversal que inclúa o deseño e concepción da rede vial para favorecer a mobilidade suave e descarbonizada, a xestión smart da mobilidade pesada e a mellora da eficiencia enerxética dos transportes públicos. 





1 DESEÑO URBANO INTELIXENTE, ECOLÓXICO E INCLUSIVO

■ 1.2.4 Facer as cidades máis verdes e sostibles: creación dunha rede de corredores verdes e espazos naturalizados; Instalación de láminas e de elementos de auga nos espazos públicos coa renaturalización de leitos previamente canalizados e rexeneración de escorras descoidadas; Campaña de plantación de árbores; Deseño de ecobulevares urbanos; Creación de sendas urbanas que fomenten a actividade física local e a mellora da saúde; Deseño de áreas verdes con tratamento da vexetación para diminuír o risco de propagación de incendios forestais.



■ 1.2.5 Aprobación de plans municipais de sistemas e vías de evacuación diante de desastres naturais, especialmente orientados para as superficies de contacto (interfaces) entre o rural e o urbano.



■ 1.2.6 Adopción de medidas para unha **mobilidade que favoreza o benestar da cidadanía**: Implantación de zonas de calmado de tráfico 30 e 50 qm/h. Creación de barreiras sonoras vexetais en puntos de emisión especial de rúidos. Definición e execución dun mapa de calor urbano e das súas medidas correctoras.



□ 1.2.7 Programa para reforzar o equilibrio ecolóxico e a sostibilidade ambiental, económico-financeira e social dos subsistemas de infraestruturas urbanas (auga, saneamento, enerxía, residuos e mobilidade). Limitar a presión urbana sobre os recursos hídricos.



1.3 Creación de cidades inclusivas para a cidadanía, cun trazado que estimule unha vida saudable e a habitabilidade, mellorando a seguridade física e xurídica do espazo público e a creación de estruturas de convivencia social, recorrendo as novas plataformas tecnolóxicas.



□ 1.3.1 Eliminación de barreiras arquitectónicas e mitigación de barreiras acústicas e visuais, en espazos públicos, que dificulten a accesibilidade a persoas con diferentes necesidades. Fomento da accesibilidade vertical no espazo público e creación dunha rede de itinerarios peonís prioritarios accesibles. Creación de zonas verdes e espazos de recreo que faciliten a convivencia cidadá.



■ 1.3.2 Mapeado das zonas degradadas do sistema urbano da Eurorrexión, incluíndo as deficiencias de accesibilidade, comunicación, equipamentos e servizos públicos



1

DESEÑO URBANO INTELIXENTE, ECOLÓXICO E INCLUSIVO

■ **1.3.3** Programas de valorización de barrios degradados e zonas urbanas vulnerables. Emprego da distribución dos novos servizos públicos –especialmente dos sanitarios, deportivos e educativos-, e tamén dos novos espazos comerciais e das licenzas de actividades especiais como elementos de revitalización e rexeneración de espazos urbanos. Utilización de patrimonio singulares –museos, campus universitarios, edificios administrativos, estadios e actuacións ornamentais de nova creación- como potenciadores da revitalización.



■ **1.3.4** Os “Corazóns de barrios” como modelo de rexeneración de espazos de convivencia e actividade nos barrios das cidades, habilitando espazos municipais nos barrios como LocalFactvorys especializados por sectores a promover que acollerán iniciativas para emprender e xerar actividade innovadora a prezos asequibles.



■ **1.3.5** Creación da figura do **mediador comunitario** elixido polos veciños, para traballar en dous ámbitos, en principio: fomentar as relacións persoais para mitigar os problemas derivados da soidade e do aillamento social; aplicar a xustiza de proximidade nos comportamentos incívicos que faciliten a desculpa e a reparación.



■ **1.3.6 Programa de valorización da multiculturalidade**, estimulando os seus valores na educación, nos medios de comunicación e na cultura. Programa de sensibilización sobre a igualdade de xénero coa mesma metodoloxía. Incremento da oferta cultural que incentive valores a través de actividades atractivas para a mocidade.




■ **1.3.7** Patrocinar actividades escolares de educación para a convivencia nas que o alumnado identifique as situacións incívicas vividas no propio centro así como aqueles actos e/ou actitudes que poidan producir menoscabo na integridade, dignidade e liberdade do alumnado, e propoñan actuacións de mellora, valorando criticamente o realizado no curso anterior.



■ **1.3.8** Aprobación de **plans de alumeado público** seguindo criterios compatíbeis coa estratexia Smart Cities e orientados a incrementar a seguridade do espazo público, e a fomentar o establecemento de regras comúns para a revisión da seguridade das infraestruturas públicas e do mobiliario urbano.



■ **1.3.9** Adopción dun **plan estratéxico municipal contra os abusos e agresións sexuais**. Programa de formación de traballadores municipais en perspectiva de xénero e identificación e combate da violencia de xénero.



1

DESEÑO URBANO INTELIXENTE, ECOLÓXICO E INCLUSIVO

- ▣ 1.3.10 Asignación específica dun membro da policía local como responsable de barrio, en especial para a detección temperá de situacións de desamparo de menores ou situacións de vulnerabilidade para coordinar medidas de apoio cos servizos sociais. Tamén serviría para a detección temperá de posibles casos de explotación de persoas ou situacións de vulnerabilidade e para promover o establecemento de canles de información ao responsable de barrio sobre actividades de posible corrupción para, tras unha investigación preliminar, dar lugar ou non a denuncia ante as autoridades competentes.
- ▣ 1.3.11 Promover a seguridade e inclusión nos accesos aos centros escolares, mediante itinerarios escolares seguros, incluíndo a promoción de actividades colaborativas de pais e nais nos traslados diarios do alumnado. Apoio aos pequenos comercios de barrio como dinamizadores de convivencia e seguridade. Creación, polos servizos sociais, dunha rede de apoio ás vítimas de explotación que lles permita denunciar a súa situación.



2

VIVENDA

2.1 Promover o parque de vivenda social municipal, cooperativo e privado, así como a mellora do parque habitacional existente.

- ▣ 2.1.1 Animar un programa de apoio á construción de vivendas sociais, de iniciativa municipal e a través de cooperativas.
- ▣ 2.1.2 Promover un programa de apoio público á rehabilitación de vivendas para uso propio ou alugamento e para a adecuación ao seu uso por parte de persoas con necesidades específicas e dunha poboación envellecida.
- ▣ 2.1.3 Programa de promoción de aloxamento para estudantes, incluíndo un plan combinado entre municipios e universidades para o aloxamento de estudantes e investigadores.



2.2 Poñer en marcha políticas públicas que faciliten o acceso a unha vivenda digna aos sectores de poboación máis vulnerables.

- ▣ 2.2.1 Adopción dun plan estratéxico municipal de mellora do acceso á vivenda para os grupos de poboación con maiores dificultades para elo.
- ▣ 2.2.2 Creación de consorcios, sociedades públicas ou outra modalidade de organización que impulsen a rehabilitación de vivendas para alugamento nos cascos históricos e zonas urbanas degradadas.



2 VIVENDA

- 2.2.3 Poñer en marcha o **programa rehabilitar para arrendar**, con preferencia para os sectores sociais máis vulnerables, incluíndo vivendas de renda baixa para vítimas de violencia de xénero.
- 2.2.4 Promover un **programa de atención social á poboación dos sen teito**.



3 ECONOMÍA CIRCULAR DOS FLUXOS METABÓLICOS URBANOS

3.1 Promover as boas prácticas tanto na transición cara unha economía circular que reduza os fluxos urbanos, poñendo en valor os residuos e mellorando a eficiencia enerxética, como no uso eficiente de materiais de construción recorrendo a procesos de reciclaxe.


- 3.1.1 Promover o **plan estratéxico municipal de economía circular**.
- 3.1.2 Desenvolvemento dun **programa integral de educación en ecoloxía e sostibilidade urbana** para o conxunto da poboación, que faga especial fincapé na: sostibilidade territorial, fluxos metabólicos (auga, residuos, enerxía), biodiversidade e cambio climático.
- 3.1.3 **Programa de prevención de xeración de residuos urbanos** e implantación de sistemas de separación en orixe de residuos destinados a reciclaxe. Establecer un plan de centros de reciclaxe de materiais de construción e doutros residuos específicos distribuídos no territorio eurorrexional, promovendo a iniciativa dos concellos.
- 3.1.4 Programa de fomento das redes de produción de materiais e alimentos de proximidade e a redución do desperdicio de alimentos. Posta en marcha de prácticas de adquisición pública sostible, introducindo criterios basados na pegada de carbono, así como incentivando a incorporación de materiais reciclados e de proximidade.



3.2 Promover o uso eficiente da auga a través de prácticas que favorezan o ciclo hidrolóxico, a redución de consumos e a mellora da reutilización das augas pluviais e do reciclado de augas residuais domésticas.

- 3.2.1 Mapeado da eficiencia dos sistemas de captación e abastecemento de augas con identificación das perdas. Boas prácticas na redución das perdas nos ciclos urbanos da auga. Mellora da xestión hidrolóxico-forestal nas zonas de cabeceiras de captación.
- 3.2.2 Programa de formación en sostibilidade da poboación escolar que podería comezar polo aforro de auga e o seu uso racional.
- 3.2.3 Programa de aproveitamento das augas pluviais e das augas residuais das ETAR para uso urbano (limpeza de rúas, rego de espazos verdes, creación de hortas urbanas con preferencia para familias vulnerables).





3

ECONOMÍA CIRCULAR DOS FLUXOS METABÓLICOS URBANOS

3.3 Promover a creación dun mercado eurorrexional de enerxía no marco do MIBEL e en liña coa Unión da Enerxía da UE.

- 3.3.1 Impulsar unha Comisión da Enerxía do Eixo Atlántico para definir unha estratexia que permita crear o **mercado eurorrexional da enerxía**.
- 3.3.2 Inventario e difusión dos estímulos existentes na Eurorrexión para o aforro enerxético e a autoxeración por parte dos concellos.



3.4 Difundir a compostaxe de materiais orgánicos, especialmente nas zonas periurbanas e nas vivendas unifamiliares, incluíndo instalacións piloto nas zonas urbanas.

- 3.4.1 Programa de recolla de residuos orgánicos para compostaxe en zonas urbanas. Programa de composteiros nas escolas e noutros edificios públicos, nas zonas periurbanas e rurais.



4

FAVORECER A GOBERNANZA DEMOCRÁTICA, A TRANSPARENCIA E A EFICIENCIA DOS SERVIZOS PÚBLICOS

4.1 Promover a identificación de obxectivos comúns que estimulen a articulación das forzas sociais.

- 4.1.1 Promover a **carta de servizos** de competencia local que será publicada na web municipal
- 4.1.2 Creación de **consellos económico-sociais municipais** con ampla representación da sociedade civil e que respecten o principio de participación equilibrada desde a perspectiva de xénero
- 4.1.3 Incorporación de cláusulas sociais de igualdade de xénero en procedementos de contratación, subvencións e convenios públicos. Promover a auto-organización dos sectores sociais máis desfavorecidos e o fortalecemento da representatividade das entidades que asuman intereses menos concretos e máis xerais.



4.2 Promover unha administración local máis participada e xestionada segundo criterios de transparencia e calidade, recorrendo máis a solucións TIC que favorezan o acceso da cidadanía.

- 4.2.1 Portal de transparencia **“Cidade Aberta”**: motivación das decisións máis importantes tomadas polas autoridades públicas, CV, declaración de bens e intereses e remuneracións dos cargos electos e dos seus asesores; demografía; urbanismo e licenzas de obra solicitadas; sistema de información xeográfica; orzamentos; organigrama municipal integrado; rueiro; censo de locais e actividades; tráfico e mobilidade; medio ambiente, etc.



4

FAVORECER A GOBERNANZA DEMOCRÁTICA, A TRANSPARENCIA E A EFICIENCIA DOS SERVIZOS PÚBLICOS

- 4.2.2 Promover a elección democrática dun veciño como **responsable de barrio**. Promover a reforma do sistema electoral para estimular a participación dos cidadáns na xestión local.
- 4.2.3 Organizar a semana escolar **“O goberno da miña cidade”** e a iniciativa **“ImaxinaCidade”** a través da web municipal para recoller ideas e modificacións do planeamento urbano, alternativas para o acceso aos servizos urbanos.



4.3 Modernizar o funcionamento da administración local a través dun modelo máis flexible, próximo e participativo.

- 4.3.1 Promoción da administración aberta, a través da implantación de prácticas de administración dixital que potencie a cultura de internet dentro do concello e entre a poboación. Ampliación dos servizos públicos on line. Promover os códigos abertos, o software libre e o acceso gratuito aos datos.
- 4.3.2 Creación do **“Gabinete do Muncípe”** como boa práctica nos concellos da Eurorrexión.
- 4.3.3 Programa de formación permanente dos empregados públicos. Xeralización da xestión por obxectivos e da organización por proxectos na xestión municipal.
- 4.3.4 Implantación de sistemas de avaliación de programas municipais. Enquisas on line de satisfacción de todos os servizos públicos, tanto municipais como doutras administracións na cidade, coa publicación dos resultados. Elaboración periódica dun informe de sostibilidade.
- 4.3.5 Promover un plan de instalación dos servizos (**Plan de Sedes**), co obxectivo de reducir espazos administrativos, racionalizar servizos municipais e optimizar o patrimonio municipal e os gastos en servizos.




5

ASEGURAR A SOSTIBILIDADE FINANCIERA LOCAL

5.1 Promover un novo modelo de financiamento local simplificado, dotado dunha maior potencia recadadora e que favoreza unha xestión transparente.

- 5.1.1 Creación da **oficina de proxectos** no ámbito municipal para a captación de financiación externa en todos os ámbitos de actuación.
- 5.1.2 Promover a definición de mecanismos de cohesión para os concellos do interior e de baixa densidade, establecendo criterios que axuden a equilibrar o territorio.







5
ASEGURAR
A SOSTIBILIDADE
FINANCIEIRA
LOCAL

- **5.1.3** Información periódica do proceso de elaboración dos orzamentos na web, abrindo consultas públicas sobre as partidas de investimento con recursos propios. Información da xestión e execución dos orzamentos na web. Promoción de orzamentos participativos (un % do orzamento municipal, abordaxe dun ámbito temático).
- **5.1.4** Promover un **programa de compras públicas en plataformas electrónicas** de forma mancomunada con outros concellos.
- **5.1.5** Estudo e difusión de cláusulas a introducir nos pregos de compras públicas municipais que, respectando as regras de concorrência e dos mercados públicos, promovan as adquisicións de bens e servizos a axentes locais e o consumo de produtos da Eurorrexión.





PRIORIDADE ESTRATÉXICA II:
DESENVOLVER A ECONOMÍA
E PROMOVER O EMPREGO.
A EURORREXIÓN DO COÑECEMENTO
E DA INNOVACIÓN



As actividades do plan de acción deben estar orientadas cara o desenvolvemento económico que xere emprego estable, sostible e de calidade. Este concepto enténdese nun sentido amplo incluíndo aspectos de políticas industriais, infraestruturas, servizos, tecnoloxía ou innovación. A Eurorrexión ten na cultura creativa unha das súas maiores potencialidades de crecemento e xeración de emprego. Consolidar a cultura e a economía do coñecemento require un maior aproveitamento do potencial da universidade e dos centros de investigación como factores chave do desenvolvemento económico, nomeadamente a través da innovación. O crecemento intelixente, sostible e integrador ten que asentarse, necesariamente, na potenciación da economía local e no seu posicionamento estratéxico na economía global a través dunha especialización intelixente que garante un desenvolvemento ecolóxico con alto valor engadido e que precisa ter garantida unha mobilidade externa e interna que se converta nun dos seus factores de competitividade. Crecer a partir dos recursos naturais endóxenos e da súa explotación sostible require unha aposta decidida pola economía circular e as posibilidades de emprego que pode xerar. As autoridades locais deben liderar a coordinación e o establecemento de alianzas dos axentes do desenvolvemento local.

LENDAS

- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias da administración local.
- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias compartidas con outras áreas da administración pública ou que non forman parte das competencias da administración local.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- | | | | |
|---|---|---|---|
|  | 1. FIN DA POBREZA |  | 10. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES |
|  | 2. FAME CERO |  | 11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES |
|  | 3. SAÚDE E BENESTAR |  | 12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES |
|  | 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE |  | 13. ACCIÓN POLO CLIMA |
|  | 5. IGUALDADE DE XÉNERO |  | 14. VIDA SUBMARIÑA |
|  | 6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO |  | 15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES |
|  | 7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE |  | 16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS |
|  | 8. TRABALLO DECENTE E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO |  | 17. ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS |
|  | 9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA | | |

1

EDUCACIÓN INCLUSIVA E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO

1.1 Promover a imaxe das cidades universitarias e a capacidade da Eurorexión para atraer e fixar talento.

- ▣ 1.1.1 Promover a mellora sostida da posición das universidades da Eurorexión nos rankings internacionais de calidade, especialmente no ARWU.
- ▣ 1.1.2 Promover a instalación de centros escolares coa docencia nunha lingua estranxeira (preferentemente inglés) e de centros lingüísticos de inglés, chino ou francés.


**1.2 Promover o emprendedorismo e a iniciativa empresarial desde o sistema educativo, reducindo os custos administrativos de contexto.**

- ▣ 1.2.1 Programa escolar de prácticas profesionais de curta duración nas empresas e negocios do concello. Convenio para a creación de títulos propios deseñados entre a universidade, os centros escolares, a administración local e os axentes sociais implicados no desenvolvemento urbano, con especial atención á formación profesional.
- ▣ 1.2.2 Promover un programa de cooperación transfronteiriza "Erasmus eurorexional" que favoreza a inserción da mocidade graduada no mercado de traballo a través da realización de estadias remuneradas nos concellos e nas entidades de iniciativa municipal ou concesionadas.
- ▣ 1.2.3 Xeralización da e-administración e do portelo único empresarial.

**1.3 Estimular a articulación cos axentes económicos e sociais para identificar as potencialidades de emprego digno e a mellora da empregabilidade, especialmente entre a mocidade e as mulleres que precisen incorporarse ao mercado laboral.**

- 1.3.1 Lanzar o **portal municipal e eurorexional de emprego**: cun espazo para CV EuropaPass homoxéneo e de fácil uso e un espazo de oferta de traballo que permita tramitación on line.
- 1.3.2 Promover a avaliación permanente dos sistemas educativos obrigatorios para eliminar factores de exclusión social e xeración de pobreza e incrementar factores de promoción e empregabilidade dos sectores sociais máis vulnerables.







1

EDUCACIÓN INCLUSIVA E CUALIFICACIÓN PARA O EMPREGO



1.4 Afondar na colaboración entre universidades e concellos nas iniciativas de desenvolvemento territorial e urbano, buscando a mellora da empregabilidade e a transferencia de coñecemento cara as empresas.


- ▣ 1.4.1 Promover un plan eurorrexional de I+D+i acordado entre as administracións públicas, as empresas e as universidades. 
- 1.4.2 Promover a imaxe da **rede de parques de ciencia e tecnoloxía da Eurorrexión**. 
- 1.4.3 Ordenar a rede de incubadoras de base tecnolóxica da Eurorrexión e das empresas creadas por procesos de spin off e promover a súa imaxe colectiva.


2



INNOVACIÓN E TRANSICIÓN DIXITAL


2.1 Poñer en valor o concepto de cidades de innovación e de City Lab, promovendo a creación dunha rede de polos de innovación e de creatividade na Eurorrexión.

- ▣ 2.1.1 Identificación da rede de polos de innovación tecnolóxica e creatividade na Eurorrexión favorecendo a súa complementariedade. 
- 2.1.2 Actualización e implantación efectiva da **Axenda Dixital** en todos os concellos da Eurorrexión. 
- ▣ 2.1.3 Impulso dunha **“Cities Katedra”** para o fomento do valor das cidades e aportación de coñecemento. Premio eurorrexional de innovación tecnolóxica e de mellor práctica de innovación nos servizos municipais.
- 2.1.4 APP de realidade aumentada do patrimonio cultural e natural das cidades da Eurorrexión.

2.2 Poñer en valor as industrias culturais creativas como un cluster competitivo e xerador de emprego digno e de crecemento, apostando por novas políticas públicas de educación e de cultura. 




- 2.2.1 Oferta de locais municipais e residencias en barrios a artistas locais. Programas municipais para a creatividade dirixidos ás escolas. 

2.3 Promover a innovación tecnolóxica, organizativa e creativa e a súa transferencia, apostando pola nova economía, pola industria 4.0, pola transición enerxética, pola economía circular e pola recuperación dos parques empresariais degradados. 


- 2.3.1 Constitución do Consello Municipal de Dixitalización e Deseño. 

2


INNOVACIÓN
E TRANSICIÓN
DIXITAL

- 2.3.2 Fomentar o interese da mocidade pola ciencia e a tecnoloxía, incluíndo o contacto desde os centros de secundaria con investigadores universitarios mozos da Eurorrexión. 
- 2.3.3 Promover o **plan de recuperación dos parques empresariais degradados** para a nova economía e a industria 4.0. 
- 2.3.4 Fomento da innovación tecnolóxica no tratamento e reciclaxe de residuos sólidos urbanos e dos efluentes urbanos, como banco de probas para estendelo a outros sectores. 




3

TURISMO


3.1 Concibir o turismo como unha política transversal ás diversas áreas de intervención municipal.


- 3.1.1 Programas municipais para a cidade dos aromas, dos sons, das cores e dos sabores. 
- 3.1.2 Implantar o **plan estratéxico municipal de turismo** que teña en conta o equilibrio entre a rutina da cidadanía e os fluxos de visitantes con especial atención ás vivendas de uso turístico.

3.2 Promover a cohesión territorial a través do turismo, valorizando o potencial económico da economía local, facilitando o acceso aos produtos e servizos do territorio.

- 3.2.1 Promover novos polos de **desenvolvemento turístico sostible** (turismo de negocios, termalismo, enoloxía, patrimonio natural, cultural, marítimo) que permitan dinamizar e diversificar a oferta turística e que sexan complementarios aos polos turísticos de Santiago de Compostela e do Porto, partindo deles. 
- 3.2.2 Lanzar un proxecto de cooperación transfronteiriza no ámbito de todas as actividades turísticas da Eurorrexión. 
- 3.2.3 Creación de centros comerciais abertos nos centros históricos e nas zonas comerciais, con servizos compartidos de apoio ao cliente. Creación de ecomuseos interactivos que permitan incrementar o goce do visitante participando en actividades agrarias, forestais, artesanais, culturais, deportivas e recreativas. Rehabilitación e consolidación das prazas de abasto. 

3.3 Poñer en valor o potencial turístico do sistema urbano da Eurorrexión, promovendo produtos turísticos comúns que realcen os valores e saberes locais, tradicionais e identitarios.

- 3.3.1 Consolidar, actualizar e modernizar os valores identitarios da Eurorrexión tendo en conta o perfil global do territorio. 



4

ENERXÍA:
SUFICIENCIA
E TRANSICIÓN
ENERXÉTICA

4.1 Promover o recurso ás fontes de enerxía renovables, incluíndo os residuos urbanos orgánicos e a biomasa polos impactos na creación de emprego digno e a sostibilidade do territorio.



- 4.1.1 Lanzar o **plan municipal de eficiencia enerxética** que inclúa a mellora da eficiencia enerxética do edificado, dos transportes públicos e privados e a autoprodución de enerxía a partir de fontes renovables.
- 4.1.2 Instalación de centrais de biomasa nas zonas rurais. Instalación de composteiros nos grandes parques públicos.
- 4.1.3 Facilitar o uso de vehículos eléctricos, exemplificando coas frotas municipais. Introducir a utilización de GNL para produción de calor industrial e doméstico e vehículos con GNL nas frotas municipais. Instalación nos portos da Eurorrexión de puntos de abastecemento de GNL para pequenas embarcacións de pesca e deportivas.



4.2 Promover un modelo enerxético máis eficiente e sostible, impulsando a innovación tecnolóxica e a redución de consumos nas empresas, nos servizos e nas vivendas.

- 4.2.1 Preparar o **plan de eficiencia enerxética e de iluminación** nos edificios municipais e doutras administracións públicas, en liña co obxectivo de aforro do 3% da UE.
- 4.2.2 Promover a instalación de contadores dixitais de consumo de electricidade. APP para a xestión dos consumos domésticos de electricidade.
- 4.2.3 Impulsar a análise comparada das modalidades de apoio público á mellora da eficiencia enerxética da vivenda e proposta uniforme para a Eurorrexión. Promover unha campaña de eficiencia enerxética nas PEMES con apoio de empresas de servizos enerxéticos (ESCO).




4.3 Mellorar a eficiencia enerxética a través do recurso ás TIC e da coxeración de alta eficiencia nas grandes infraestruturas públicas e nos sectores con maior potencial de eficiencia enerxética.




- 4.3.1 Implantación do Pacto dos Alcaldes, así como da Carta de Aalborg e das súas actualizacións. Campaña de sensibilización sobre o aforro enerxético e de difusión do etiquetado enerxético obrigatorio dos equipos eléctricos. Promover o control da certificación enerxética dos edificios.





PRIORIDADE ESTRATÉXICA III:
IMPULSAR A COHESIÓN TERRITORIAL
E RESPONDER AO RETO DEMOGRÁFICO





Incrementar os tramos de poboación máis nova é unha necesidade perentoria para o equilibrio da Eurorrexión. As actividades do plan de acción deben contemplar mecanismos que fagan posible un saldo migratorio positivo a curto-medio prazo e un saldo vexetativo positivo a medio-longo prazo. Debe consolidarse o carácter policéntrico do sistema urbano, capaz de facilitar a capilaridade e a transferencia con áreas urbanas máis densas que incorporen un planeamento inclusivo do espazo periurbano e rural que o circunda. Ao mesmo tempo, unha das eivas que cómpre superar é a recuperación, retención e atracción de talento para o que se precisa dotar á Eurorrexión de calidade de vida aproveitando os estándares saudables emanados do territorio, entendendo a paisaxe como un dos seus principais activos. Mitigar o desfase litoral-interior precisa crear un ambiente de competitividade e investimento empresarial no eixo interior da Eurorrexión e reforzalo do eixo interior mediante o emprego intelixente de instrumentos como a transferencia de innovación e de tecnoloxía que sexan quen de crear emprego nas áreas do interior que teñen que contar cunha dotación de servizos atractiva.

LEENDA

- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias da administración local.
- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias compartidas con outras áreas da administración pública ou que non forman parte das competencias da administración local.



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE


- | | | | |
|---|---|---|---|
|  | 1. FIN DA POBREZA |  | 10. REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES |
|  | 2. FAME CERO |  | 11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES |
|  | 3. SAÚDE E BENESTAR |  | 12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES |
|  | 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE |  | 13. ACCIÓN POLO CLIMA |
|  | 5. IGUALDADE DE XÉNERO |  | 14. VIDA SUBMARIÑA |
|  | 6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO |  | 15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES |
|  | 7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE |  | 16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS |
|  | 8. TRABALLO DECENTE E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO |  | 17. ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS |
|  | 9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA | | |






1


POLÍTICAS DEMOGRÁFICAS ACTIVAS E DE INCLUSIÓN SOCIAL

1.1 Encontrar respostas ao desafío demográfico a través de políticas innovadoras de medio e longo prazo, e de políticas de integración da inmigración, así como de políticas encamiñadas a facilitar a conciliación familiar.

- 1.1.1 Definir unha **estratexia eurorrexional para afrontar a caída demográfica e o envellecemento da poboación**. Aprobación de plans municipais coas medidas de aplicación da estratexia. 
- 1.1.2 Promover a prestación de servizos municipais culturais, deportivos e educativos gratuitos para familias cun número de fillos a determinar por cada concello. Billetes de transporte a prezos reducidos para familias cun número de fillos a determinar por cada concello. 
- 1.1.3 Impulsar un parque público de vivenda en alugamento para familias mozas con fillos. Estimular un programa **“Os fillos, o mellor investimento”** de apoio fiscal á natalidade.
- 1.1.4 Plan municipal de integración de inmigrantes, para convertelos nunha fortaleza da Eurorrexión, con especial interese na mitigación da desertificación demográfica do rural.

1.2 Promover o envellecemento activo e a inclusión social dos sectores vulnerables. 




- 1.2.1 Apoio e asesoramento aos veciños que se encontren na necesidade de acceder á Xustiza e carezan de medios económicos 
- 1.2.2 Promover o **plan estratéxico municipal de mellora da atención social á terceira idade**, prestacións domiciliarias e promoción e igualdade da muller que inclúa cuantificación de recursos humanos e materiais necesarios. Promover plans integrais de tratamento da saúde mental, comezando polo ámbito laboral público 
- 1.2.3 Fomento da donación dos excedentes alimentarios, a través de grupos e asociacións comunitarias, de xeito que poidan chegar alimentos comestibles e seguros a quen máis os precisan. 
- 1.2.4 Impulsar envellecemento activo polo programa de voluntariado da terceira idade: **“Aínda somos útiles”**. Programa de alfabetización dixital da terceira idade; programa de redes de espazos públicos para xogos tradicionais destinados á terceira idade. 

- 1.2.5 Impulsar un **programa municipal de atención á dependencia** que inclúa o acceso máis fácil á telemedicina. Afrontar a soidade e a depresión desde a óptica da saúde pública.






2

ECONOMÍA AZUL E ECONOMÍA VERDE: O DESENVOLVEMENTO URBANO/ RURAL E LITORAL/ INTERIOR


2.1 Promover o cluster do mar, integrando as infraestruturas existentes e favorecendo que se compartan os coñecementos producidos polos centros de investigación da Eurorrexión.

- 2.1.1 Creación nos concellos costeiros da Eurorrexión dun concellal responsable dos temas da economía azul e do seu impacto na cohesión territorial. 
- 2.1.2 Impulsar a cátedra e os estudos relacionados coa economía azul nas universidades da Eurorrexión. 
- 2.1.3 Definición da estratexia "Eixo Atlántico, un mar interior" que favoreza a cohesión territorial e apoie aos territorios do interior a partir da economía azul con especial atención aos cursos fluviais e a súa acuicultura. 
- 2.1.4 Creación do subportal da economía azul na web do Eixo Atlántico.

2.2 Defender a sostibilidade da biodiversidade mariña conferindo especial atención á contaminación dos mares con residuos de plásticos, cun enfoque de economía circular.

- 2.2.1 Campaña de sensibilización e de recolla de residuos especialmente de plástico nas praias e no mar, nos ríos e as súas ribeiras. 

- 2.2.2 Programa de educación e sensibilización da poboación escolar sobre a biodiversidade mariña e fluvial e os riscos de contaminación ambiental. 

2.3 Defender e valorizar os produtos agrícolas e os modos de produción tradicionais e a súa imaxe na poboación urbana, presentándoos como identidades da Eurorrexión.

- 2.3.1 Inventariar o patrimonio da Eurorrexión de produtos endóxenos que poidan ser cualificados a través dos procesos de DOP, IGP, ETG e promover a implantación dos respectivos procesos. 
- 2.3.2 Campaña de promoción e divulgación dos produtos endóxenos cualificados e incorporación da súa imaxe na promoción turística dos territorios da Eurorrexión.

2

ECONOMÍA AZUL E ECONOMÍA VERDE: O DESENVOLVEMENTO URBANO/ RURAL E LITORAL/ INTERIOR

2.4 Poñer en valor e modernizar os modos de produción tradicionais, o seu acceso aos mercados e a promoción do seu consumo nas cidades, ao mesmo tempo revitalizar os montes como activos económicos.



■ 2.4.1 Creación de mercados de excelencia para produtores locais, con énfase en produtos endóxenos cualificados da Eurorrexión.

■ 2.4.2 Protocolo de colaboración cos sectores de restauración e distribución para a divulgación dos produtos endóxenos cualificados da Eurorrexión. Creación de redes entre produtores e restauradores baixo o criterio Qm. 0.



■ 2.4.3 Promover a reorganización do uso e a propiedade agro-forestal e a creación de axentes económicos que aseguren unha explotación sostible e rendible. Reavaliar as políticas pasivas de loita contra os incendios. Establecer cooperación con Comunidades Veciñais de Montes en Mán Común/Baldíos.



■ 2.4.4 Lanzar o programa de valorización e difusión do comercio tradicional, almacéns con valor histórico e artes e oficios na rede de cidades da Eurorrexión.



■ 2.4.5 Promover programas públicos de compra e rehabilitación de casas abandonadas en núcleos rurais de baixa densidade, asociados con plans de dinamización económica e instalación de novas familias de orixe urbana ou inmigrante.



3

COHESIÓN TERRITORIAL E MOBILIDADE

3.1 Poñer en valor os territorios rurais, constituíndo un ecosistema social integrado a través do realce da agricultura familiar, da concepción de novos modelos de valorización económica dos produtos endóxenos, da súa identidade e da súa imaxe e da pluriactividade das familias rurais.



■ 3.1.1 Constitución dun Pacto Local para a produción e o consumo, integrando ás cooperativas e asociacións de produtores, por un lado, e ás institucións públicas e da economía social, por outro.




■ 3.1.2 Creación dunha rede de mercados locais para venda de produtos tradicionais con exaltación da súa imaxe e garantía de autenticidade e cun portal de divulgación do calendario e dos produtores. Introducción de accións de animación urbana no ámbito da promoción e dinamización do comercio tradicional e de rúa.



■ 3.1.3 Lanzar o programa Aldeas Activas, para estimular os produtos endóxenos e actividades de lecer asociadas, cun bo asesoramento de extensión agraria.










3

COHESIÓN TERRITORIAL E MOBILIDADE



3.2 Promover a aprobación de plans de mobilidade eurorrexional sostible, apostando por transportes colectivos e pola articulación coas redes de equipamentos e servizos existentes.


- **3.2.1** Concibir un sistema urbano da Eurorrexión de proximidade, baseado nunha rede de cidades pequenas e medianas, policéntrica e complementaria, estimulando a cooperación e solidariedade entre concellos e diminuindo as asimetrías rexionais. 
- ▣ **3.2.2** Organizar a rede de transportes públicos da Eurorrexión, favorecendo a intermodalidade e a coordinación de horarios e a integración tarifaria (billete único). Promover a mellora da confortabilidade das paradas e estacións de transporte colectivo e das estacións intermodais. 
- ▣ **3.2.3** Promover a creación de entes administrativos conxuntos que xestionen o transporte público das eurociudades da Eurorrexión.
- ▣ **3.2.4** Integración da información sobre a oferta de transporte público da Eurorrexión a través das TIC. 
- **3.2.5** Lanzar o transporte público lixeiro baixo demanda, para as zonas peri-urbanas e rurais.
- ▣ **3.2.6** Lanzar o billete pre-pago para táxis. Táxis adaptados ao transporte de persoas con necesidades particulares de mobilidade.

3.3 Promover a creación de redes de prestación de servizos públicos a través de estruturas móbiles.

- ▣ **3.3.1** Organizar unha frota de transporte para o funcionamento do porto móbil para os servizos de apoio á cidadanía. 
- ▣ **3.3.2** Programa móbil de formación e empregabilidade específica para parados de larga duración e sectores en risco de exclusión social. 


3.4 Promover unha rede eurorrexional de plataformas de transporte e de loxística, integrando transporte ferroviario de mercaderías.

- **3.4.1** Mapeado dos centros loxísticos de transporte da Eurorrexión. Promover a definición dos corredores loxísticos prioritarios da Eurorrexión e adaptándoos aos requisitos da rede TEN-T. 
- ▣ **3.4.2** Promover a creación dunha rede de plataformas integradas de transporte e loxística, cun sistema intermodal de mobilidade a escala rexional e internacional, a través de portos multifuncionais competitivos, e a súa conexión co hinterland a través de plataformas loxísticas eficientes. 
- ▣ **3.4.3** Impulsar a creación dunha entidade para promover e xestionar a intermodalidade dos transportes da Eurorrexión.



PRIORIDADE ESTRATÉXICA IV:
AFIRMAR O ESPAZO EURORREXIONAL





A singularidade do Eixo Atlántico, que converte a transfronteiricidade nunha fortaleza e a cooperación entre as cidades nunha oportunidade, vai depender da consolidación dun espazo eurorrexional que actúe como actor colectivo integrado por seis millóns de cidadáns e cidadás en defensa dos seus intereses e en beneficio do territorio e das xentes que o habitan. Deste xeito, conseguirase ter unha masa crítica suficientemente potente para convertelo nun actor con capacidade de influencia na toma de decisións. Este espazo eurorrexional enténdese poliédrico pero debe ter unha especial sensibilidade e atención nos aspectos culturais, educativos, dotacionais e identitarios que favorezan a súa necesaria internacionalización. Consecuentemente, as estratexias de desenvolvemento e as actuacións deberan ser pensadas en rede.

LENDAS

- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias da administración local.
- Medidas e programas inseridos no ámbito das competencias compartidas con outras áreas da administración pública ou que non forman parte das competencias da administración local.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



1. FIN DA POBREZA



2. FAME CERO



3. SAÚDE E BENESTAR



4. EDUCACIÓN DE CALIDADE



5. IGUALDADE DE XÉNERO



6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO



7. ENERXÍA ACCESIBLE E NON CONTAMINANTE



8. TRABALLO DECENTE E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO



9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURA



10. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES



11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES



12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES



13. ACCIÓN POLO CLIMA



14. VIDA SUBMARIÑA



15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES



16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓN SÓLIDAS



17. ALIANZAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

1

CIDADE HUB: ÁREAS URBANAS FUNCIONAIS

1.1 Concibir un mapa dinámico das áreas funcionais transfronteiras, promovendo unha visión conxunta de todo o territorio da Eurorrexión, a identificación de orientacións comúns para a orde- nación do territorio e a definición dos ámbitos prioritarios para a constitución das áreas funcionais.



■ **1.1.1** Impulsar o estudo base sobre **áreas funcionais da Eurorrexión**, flexibles na temática e nos límites xeográficos.



■ **1.1.2** Creación do **mapa dinámico das áreas funcionais da Eurorrexión**, incluíndo redes institucionais e empresariais.



■ **1.1.3** Mapa da **rede de equipamentos e de servizos de proximidade da Eurorrexión**, desde o nivel de freguesía, barrio ou parroquia.

1.2 Fomentar a existencia de estruturas de redes e lobbies eurorrexionais.

■ **1.2.1** Promover a creación do **Consello Económico-Social Eurorrexional**, con ampla representación da sociedade civil e que sirva como foro de coordinación das diferentes estratexias locais.



■ **1.2.2** Concepción e implantación dun Foro Urbano da Eurorrexión para o coñecemento da realidade social, cultural, ambiental e económica dos concellos, para o seguimento do plan de acción, asegurando a súa monitorización regular e promovendo a súa avaliación sistemática.



■ **1.2.3** Creación da **rede de xestores e de axencias da enerxía da Eurorrexión**.


■ **1.2.4** Promover a organización de **redes sociais de cooperación transfronteiriza**. Promover e patrocinar a participación conxunta en proxectos de cooperación internacional entre o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Rede Intermunicipal de Cooperación para o Desenvolvemento.



■ **1.2.5** Promover contratos-programa coas estruturas de cooperación transfronteiriza com máis de dez anos de xestión, con capacidade para captar fondos europeos demostrada. As axudas estarán condicionadas á avaliación extrema dos resultados e sempre cofinanciarán as actuacións.





■ **1.2.6** Patrocinar a pertenza de redes europeas e internacionais con capacidade importante de lobby onde se tomen decisións que afecten aos concellos da Eurorrexión, favorecendo a capacitación para lideralas con especial proxección ao espazo Iberoamericano. Promoción do Foro do Eixo Atlántico global.





2

POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN: MARKETING TERRITORIAL

2.1 Desenvolver a identidade de cada cidade, resaltando as singularidades e as diferenzas, promovendo a súa imaxe a través do marketing urbano, incorporando as imaxes de produtos locais significativos e identificadores.

- 2.1.1 Identificación dos elementos singularizadores e de perfil global das cidades da Eurorrexión. 
- 2.1.2 Definición de proxectos de imaxe conxunta de marca de produtos e empresas locais e de marca de cidade que permita mellorar as súas imaxes, a súa responsabilidade social corporativa e o seu posicionamento exterior. 
- 2.1.3 Definición dunha estratexia para conectar a Eurorrexión cos espazos doutras administracións existentes no exterior e cos de asociacións da diáspora para apoiar a marca común ou individual das nosas cidades. Promover a participación da sociedade civil na definición da acción exterior e o perfil global da Eurorrexión.
- 2.1.4 Impulsar a definición dos **clusters económicos estratexicos para a Eurorrexión.**



2.2 Poñer en marcha unha estratexia de especialización intelixente definida para o conxunto do sistema urbano que permita concertar un marketing territorial acordado para poder xerar sinerxias e complementariedades, ao tempo que se reduzan as posibilidades de eventuais fenómenos de concorrencia e se incremente a competitividade de cada cidade e, polo tanto, do conxunto.

- 2.2.1 Elaboración dun **Plan de Marketing Territorial Eurorrexional**, destacando os factores diferenciadores de identidade e competitividade. 
- 2.2.2 Realización do mapa de innovación e investigación conxunto da Eurorrexión que desenvolva e poña especial atención ás liñas estratéxicas do RIS3 de ambos territorios. 

2

POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN: MARKETING TERRITORIAL

2.3 Desenvolver as canles de información que permitan un maior coñecemento das realidades locais no conxunto da Eurorrexión, estimulando os valores comúns que contribúan á creación dunha opinión pública eurorrexional.

- **2.3.1** Promover a comunicación para o aliñamento social do proxecto de cidade: da visión ao relato estratéxico. Promover a diagnose da acción exterior e o perfil global presente nos concellos do Eixo e identificar un servizo responsable. Promover a imaxe da Eurorrexión nos medios de comunicación. 
- **2.3.2** Promover o inicio dalgúns contidos programáticos idénticos ou equivalentes nos medios de comunicación públicos ou nos espazos subvencionados das dúas áreas lingüísticas da Eurorrexión. Premio periódico sobre a Eurorrexión. 
- **2.3.3** Posta en marcha de mecanismos de seguimento e avaliación da Axenda Urbana do Eixo Atlántico que incentiven a participación da cidadanía.
- **2.3.4** Lanzar un programa de mobilidade de creadores, estudantes, investigadores e profesorado.



EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR

